

SOCIEDAD DE MONTAÑA

ARTABROS

DESDE 1974

COÑECE E CAMIÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CONCELLO DA CORUÑA
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

PR- G 241 - VIA KÜNIG - BARALLA (Lugo)
DOMINGO 10 DE MAIO DE 2026

PRESENTACIÓN

Neste Coñece e Camiña imos ó Val de Neira de Xusá, que así era como se chamaba antes Baralla, e que sigue formando parte do Val. Pero a ruta se sitúa na contorna do río Neira; está flanqueada pola serra de Neira, o leste a serra de Penedón e ó Oeste pola serra de Rañadoiro e sempre tendo o río Neira como centro e cunha paisaxe moi variada mais principalmente bosque autóctono..

RUTA

O percorrido iniciase un pouquiño mais adiante de Baralla hacia leste, en concreto na Casa da Retorta. Comenzamos a subir pola estribación da serra de Neira e, de seguido, cruzámonos coa vía Küning procedente do leste. Subimos xa pola serra de Penedón entre arbolado variado, autóctono, pinar e eucaliptos até alcanzar a parte alta onde casi podemos falar dun chao e achegámonos a Pena da Cruz, no Reboredo.

Dende a Cruz hai unha bonita vista do val norte de Neira y da serra de Vilares a dereita. Alí baixamos até San Miguel de Neira de Rei non sin antes ir deixando atrás as sete cruces dun Via Crucis, incompleto, e remataría na Pena da Cruz. En toda a zoa e con variantes, atópase a crenza da salvación das ánimas diante do anuncio da Compañía ou de outros animais.

Atravesamos unha ponte moderna sobre o río Neira e camiñamos unos metros por una senda peatonal recién cementada a carón da LU-710. Viramos a esquerda e volvemos a subir casi dous kms esta vez polo Monte da Condomiña, monte que sufríu hai uns anos un incendio importante do que quedan bastantes pegadas, pero nótase que quere ir recuperando, até chegar no alto a aldea de Matela. Toda a zoa ten moitos prados para a gandería e o que resta ten un arbolado moi dispar.

Na Matela xa comenzamos a baixar a media altura pola ladeira da serra de Rañadoiro e eiquí xa volvemos a atoparnos coa vexetación autóctona. De momento temos alí abaixo o río Neira.

Nuns poucos kilómetros chegamos o alto de Raseliña cun mirador fronte a Serra de Vilares, e, cómo non, a vista da A6. Nese punto enlazamos co PR-G-241, cun un percorrido circular dende eiquí até a Ponte do Neira en Baralla. Este percorrido sube dende Baralla até a Raseliña a media ladera da Serra de Rañadoiro e, ó chegar ó Alto de Raseliña, vira

cara o río e vai ó seu carón até o remate. Esta parte é a que nos imos facer sempre co río ben na orella ben á vista, o mesmo que coa A6. Pero a flora autóctona compensa todo. Polo camiño temos duas represas do río, Freixo e Pozo do Baños que só veremos pero que podemos saber, ó menos a derradeira, para qué sirve ós lugareños.

Chegamos a Escobio onde se xuntan as dúas ramas do PR e máis o menos nun km chegamos á Ponte do Neira en Baralla, alí imos cara a Área recreativa de Baralla onde descansaremos, xantaremos e repoñeremos forzas antes de abordar os últimos kilómetros da ruta.

Unha vez descansados e comidos, tomamos a Vía Küning (uns 6 kms e en sentido contrario) que transcorre polo centro de Baralla (é decir, pola N6), mais unha vez esteamos en Constantín deixamos o asfalto e adentámonos nun bosque autóctono practicamente abovedado até o remate da ruta que, como vemos, é circular. E volveremos a coller o bus na Casa da Retorta.

Distancia: km 21,6 Desnivel positivo: 744 m Negativo 744 m.
Tempo: 8 horas coas paradas.


Guía: *Segismundo Montero*


A SAÍDA

As 8 horas, da parada de bus de Deportienda no Pavillón de Riazor, coas paradas de Juan Flórez, Alfonso Molina e Carrefour.

PRÓXIMA RUTAS SON:

27 de maio. Veteranos Activos. Río Barbantillo (Ourense)
7 de xuño. Coñece e Camiña. Camiño Vello de Aldosende—Portomarín (Lugo).





MIDE		BARALLA (Lugo) - VIA KUNING		
horario	6h 55'		1	severidad del medio natural
desnivel de subida	744 m		2	orientacion en el itinerario
desnivel de bajada	744 m		2	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	21,6 Km		4	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Circular			

Condiciones de todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.
 Calculado sobre datos de 2026.